

ANÁLISE DO NOVO CONTEXTO DE "INCLUSIÓN" EN GALICIA

25/01/2021

*Construír desde o Traballo Social
un novo modelo*

DE

SERVIZOS
SOCIAIS

para Galicia



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

**COLEXIO OFICIAL DE
TRABALLO SOCIAL DE
GALICIA**

RÚA DUBLIN 6 BAIXO - 15707 -SANTIAGO
DE COMPOSTELA



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

1. INTRODUCCIÓN

Estamos a vivir nunha situación de pobreza económica agravada pola emerxencia sanitaria e socioeconómica producida polo COVID-19. É necesario incidir que todas as medidas impostas polas autoridades teñen comprometidas as capacidades persoais das persoas, a seguridade, as relacións sociais e familiares e aos recursos e medios de subsistencia.

Debemos comezar enmarcando esta situación de crise e pobreza económica dentro dunha comunidade **con fendas de desigualdade e unha precaria xestión en materia de Garantía de rendas**. O Covid-19, sen dúbida, ten incrementado e agudizado esta desigualdade e as situacións de pobreza e vulnerabilidade.

Desde o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, **consideramos que é imprescindible consolidar, mellorar e reforzar o Sistema de Benestar desde os diferentes Sistemas de Protección (Educación, Sanidade, Servizos sociais, Emprego, Vivenda, Xustiza, etc.), quedando as prestacións como algo complementario** e situadas no espazo e sistema que corresponda. Asemade, entendemos que para elo debería de consolidarse un Sistema de Garantía de rendas que goce a condición de dereito subxectivo ao obxecto de reducir os indicadores de pobreza estrutural, desigualdade e mellorar a calidade de vida da cidadanía.

Nesta crise sanitaria e social actual, detectouse con máis evidencia que os servizos sociais comunitarios viñan funcionando como diques de contención, ademais dar visibilidade ás **debilidades do sistema ao non contar cunha estrutura orgánica e funcional o suficientemente dotada**, a pesar do elevado incremento da demanda de persoas en situación de necesidade ou risco de exclusión nos últimos anos.

Neste senso, é inevitable e necesario valorar as políticas sociais do noso país e da nosa comunidade galega e avanzar a un Estado de Benestar propio do século XXI onde todas as persoas teñan cabida e cobertura. É o momento de abandonar o vello sistema de protección social con marcado carácter asistencialista con escasa planificación e deseñar estruturas con capacidade de adaptación ás

realidades actuais que teñan, entre outras, capacidade de resposta inmediata ante situacións de emerxencia como a que estamos a vivir, establecendo plans adaptados ás necesidades reais da poboación e das profesionais, que incidan no reforzo dos equipos e servizos públicos e na coordinación de todas as entidades do Sistema de Protección.

Ante a problemática social e económica que se **presenta urxe artellar un sistema público de servizos sociais onde se deseñen e se avalíen indicadores que certifiquen de forma eficiente a calidade dos servizos.**

Temos que establecer un novo modelo de coidados de promoción á autonomía persoal e unha política de coidados con carácter transversal, adaptado ás características de cada territorio, descentralizado e garantindo os servizos en tódolos puntos da nosa xeografía, creando así sociedades solidarias que contemplen as especiais características da súa poboación con base no respecto e apoio mutuo. Tendo en conta as especiais características demográficas da nosa comunidade, as políticas públicas deberán estar enfocadas a reverter a pirámide poboacional, artellando mecanismos eficaces que fomenten a conciliación familiar e tendo en conta a distribución igualitaria dos coidados. - ademais **ter moi presente a Galicia Rural, o despoboamento dos contornos rurais, a súas necesidades do traballo comunitario.**

A pesar das constantes actualizacións lexislativa dos Servizos sociais, e evidente que isto non vai parello coa dotación de recursos para a atención, planificación, programación e supervisión en servizos de protección especialmente sensibles como infancia e a dependencia.

O Traballo Social é unha profesión baseada na práctica e nunha disciplina académica que promove o cambio e o desenvolvemento social, a cohesión social, e o fortalecemento e a liberación das persoas. Os principios de xustiza social, os dereitos humanos, a responsabilidade colectiva e o respecto á diversidade son fundamentais para o traballo social.

A profesión de **Traballo Social caracterízase por ser unha das mellores coñecedoras da realidade social das persoas**, principalmente se nos referimos a aquelas con maior grao de vulnerabilidade. A intervención social

permítenos aproximarnos as necesidades, desaxustes das persoas co seu entorno familiar e social, así como os apoios que requiren no seu proxecto vital.

O sistema de Servizos sociais —as e os traballadores sociais somos as profesionais de referencia neste sistema—ten por obxecto a promoción e protección das persoas para a convivencia no seu entorno, co obxecto de facilitar a súa autonomía, desenrolo persoal, inclusión e protección social . A pobreza non pode ser obxecto do Sistema de Servizos sociais, senón das políticas sociais transversais

A importancia e necesidade do persoal técnico dos Servizos Sociais dentro da crise de emerxencia sanitaria na que nos atopamos, foi plenamente confirmada pola publicación no Boletín Oficial do Estado o 26 de marzo de 2020 da Orde SND/295/2020 pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais ante a situación de crise ocasionada pola COVID-19. A Orde declara aos **Servizos Sociais como esenciais en todo o territorio nacional, como medida para protexer o benestar, a saúde e a seguridade da cidadanía na loita contra a COVID-19**. Entendendo por servizos esenciais os necesarios para o mantemento das funcións sociais básicas: a saúde, a seguridade, o benestar social e económico da cidadanía e o eficaz funcionamento das institucións do Estado e as Administracións Públicas.

Referenciando a máximo órgano de representación da nosa profesión —Consejo general de Trabajo social—, ***“é preciso no marco da política social, desenvolver de xeito decidido e suficiente os sistemas de emprego, garantía de ingresos e vivenda, para que garanten os dereitos sociais que deben asumir. E, considerar a pobreza como algo transversal a toda a política social, na que todos os sistemas teñen medidas que implementar”***

Cabe destacar que, actualmente o *Consejo General de Trabajo Social* xunto co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia —vogais de Xunta de Goberno de Galicia forman parte da Xunta directiva do Consejo a nivel estatal— colaboran en grupos de traballo e reflexión sobre o modelo actual de sistema de Servizos Sociais..

No presente documento elaboraremos unha análise sobre o sistema de prestacións na Comunidade Autónoma.

2. CONTEXTO DAS PRESTACIÓNS PARA PROMOVER A INCLUSIÓN

O **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia**, ante o novo contexto xurdido coa posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital debe ter como referencia a seguinte normativa estatal e autonómica para definir o contexto da situación que se presenta.

- ✓ Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (DOG nº 249 do 31/12/2013)
- ✓ Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social (DOG nº 43 do 1/3/2019)
- ✓ Real Decreto-lei 20/2020, de 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital.

Segundo recolle o Real Decreto-Lei 20/2020, **o Ingreso Mínimo Vital** “*é unha prestación dirixida a previr o risco de pobreza e a exclusión social das persoas que viven soas ou están integradas nunha unidade de convivencia e carecen de recursos económicos básicos para cubrir as súas necesidades básicas.*

Configurase como dereito subxectivo a unha prestación económica, que forma parte da acción protectora da Seguridade Social, e garante un nivel mínimo de renda a aquelas persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade económica. Persegue garantir unha mellora real de oportunidades de inclusión social e laboral das persoas beneficiarias.

Opera como unha rede de protección dirixida a permitir o tránsito dende unha situación de exclusión a unha participación na sociedade. Contará para elo no seu deseño, incentivos ao emprego e á inclusión, articulados a través de distintas fórmulas de cooperación entre administracións.”

Segundo recolle a Lei 10/2013 e o decreto 14/2019 que a desenvolve, a **Renda de inclusión social de Galicia (RISGA)** “*é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.*

A percepción da RISGA é un dereito subxectivo de acordo coas condicións, requisitos e obrigas regulados na lei.”

Tamén regula as **axudas de inclusión social**, que “*son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias en situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, así como atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social.*

Dado o seu carácter de prestación social, as axudas de inclusión social non teñen carácter de subvención.”

Cabe destacar nesta regulamentación, que o *Real Decreto-lei 20/2020, de 29 de maio*, **establece por primeira vez o desenvolvemento, por parte do Estado, dunha política común e ambiciosa para a loita contra a pobreza e a exclusión común en todo o territorio**, pretendendo garantir uns mínimos de cobertura.

Nesta liña, as comunidades autónomas —durante os últimos anos algún municipio— foron desenvolvendo prestacións económicas periódicas (rendas municipais), que coa entrada en vigor do IMV veñen a solaparse. O IMV implica así unha reorganización e re-estruturación que afecta ás diferentes rendas de garantía de ingresos e salarios sociais das Comunidades Autónomas e entidades locais, e debe ubicarse noutro sistema de protección social, como é o sistema de garantía de rendas, na seguridade social.

O sistema de Servizos Sociais debe estar presente na procura do seu ben protexible que é a intervención social coas persoas, en aqueles contextos onde presentan dificultades de inclusión, participación e inserción social

No ten ningún sentido que a e os traballadores sociais estean facendo diagnósticos de empregabilidade —tal como exige a RISGA— sendo esta actividade un terreo do sistema de protección de emprego e non de servizos sociais.

Por este motivo, a apresurada aprobación DO IMV e a súa implementación está debuxando un marco de numerosas dúbidas. Está pendente de publicarse o seu desenvolvemento regulamentario que matice e concrete arbitrariedades e criterios de aplicación que se están a aplicar.

3. DIFICULTADES DE IMPLEMENTACIÓN DO IMV

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, tras a investigación realizada entre unha mostra dos/as traballadores/as sociais dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos, como referentes na intervención social con persoas en risco de exclusión e testemuñas directos no establecemento desta nova medida, **conclúe** que a implementación do IMV está tendo numerosas eivas e dificultades sen acadar a finalidade desexada, nin garanten *“un nivel mínimo de renda a aquelas persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade económica”* e tampouco garanten *“unha mellora real de oportunidades de inclusión social e laboral das persoas beneficiarias”*.

As traballadoras e traballadores sociais destacan as seguintes:

- O Ingreso Mínimo Vital non se axusta ás necesidades e situacións reais polo que non sempre garante un nivel mínimo de renda a aquelas persoas se atopan nunha situación de vulnerabilidade económica. Neste senso, é frecuente ter que recorrer simultaneamente á RISGA, RBM ou AIS, AES (Axudas de emerxencia municipais o de entidades sociais)
- Os tempos para resolver son demasiado elevados en ambas prestacións (RISGA-IMV), observando a necesidade de reducir os prazos de resolución.

- A falta de coordinación entre os organismos implicados provoca un sistema totalmente ineficiente causando prexuízos ás persoas usuarias e provocando duplicidades.
- A falta de información, de coordinación, a fenda dixital, a saturación e restricións derivadas da Covid-19 no INSS... nesta implementación provocan un efecto rebote e aumento de demanda sobre os SS.SS. Comunitarios Básicos xerando unha maior sobrecarga neste Sistema cando a prestación depende doutro.
- A burocratización nos Servizos Sociais Comunitarios Básicos interfere nos procesos de información, valoración e planificación da intervención social, o que supón a imposibilidade de acadar os obxectivos de autonomía, protección e integración social que se pretende dende este Sistema.
- O IMV non se axusta a todos os perfís de persoas e familias. Poden xurdir carencias e déficits naquelas que precisan unha intervención social para acadar a inclusión e integración social e non só unha cobertura económica.
- Limitacións e criterios dispares á hora de interpretar a unidade de convivencia e tempos de composición da mesma.
- Carencias na cualificación do persoal que tramita e valora as prestacións, obviando as características da poboación destinataria.
- Debilidades no transvase dunha prestación a outra.
- A exclusión de certos colectivos no IMV é asumida pola RISGA ou polas Rendas Sociais Municipais, segundo o caso.

4. POSICIONAMENTO DO COLEXIO DE TRABALLO SOCIAL

En virtude do exposto e, sendo recoñecida a experiencia do Traballo Social no Sistema Público de Servizos Sociais dende a súa creación, O COTSG quere facer **as seguintes consideracións:**

I- O fracaso das Rendas Mínimas para resolver os problemas de pobreza e desigualdade existentes en Galicia e en España, agravados polo contexto socioeconómico social (post-crise), pon de manifesto a necesidade de pensar en **medidas e políticas sociais innovadoras que aseguren a cobertura das**

necesidades que garantan a igualdade de oportunidades e o acceso aos dereitos da cidadanía.

Na avaliación das rendas mínimas:

- ❖ Responsabilízase e criminalízase á persoa e/ou familia da súa situación. Non se suscitan desde un enfoque de dignidade da persoa senón desde a desconfianza.
- ❖ Refórzase o carácter obrigatorio e subsidiario.
- ❖ Incompatibilidade do emprego ou ingresos por outras vías. Esta condición é un estímulo para a economía somerxida, principalmente nun contexto de deterioro de mercado laboral, con inestabilidade, precariedade e salarios baixos.
- ❖ Favorecen a cronificación da situación de exclusión; as medidas ou apoios de inserción están vinculadas á percepción da prestación.
- ❖ **A praxe do Traballo Social como profesión científica no Sistema Público de Servizos Sociais, atópase condicionada a adoptar roles non desexados de “administrativas cualificadas” ou de “control de pobres”, cuestión que se afasta completamente da esencia do Traballo social como profesión científica.**
- ❖ Este enfoque da profesión desvirtúa a esencia do noso traballo, e afástanos do obxecto principal, provocando graves deterioros no desenrolo da vida das persoas, comunidades, e perdendo o traballo preventivo, de acompañamento , apoio , etc..

II- O ingreso Mínimo Vital defínese *como una prestación dirixida a prever o risco de pobreza e exclusión social das persoas que vivan soas ou integradas nunha unidade de convivencia, cando se atopen nunha situación de vulnerabilidade por carecer de recursos económicos suficientes para a cobertura das súas necesidade básicas. Tras a súa implantación atopamos as dificultades definidas no apartado anterior, que veñen a limitar o seu obxecto.*

III- A reincidencia na sobrecarga dos Servizos sociais Comunitarios (directa ou indirecta) e a carga burocrática ás que están sometidos resta eficacia ao Sistema Público de Servizos Sociais e perde a esencia para a que foron pensados. **É prioritario desvincular a xestión prestacional da intervención social.**

Para elo, é preciso reubicar as prestacións dentro dun Sistema claro de Garantía de Rendas. **A solución non pasa pola privatización das axudas, nin pola súa externalización.**

IV- É necesario repensar e reformular a estrutura do Sistema de Benestar, apostando por políticas sociais cohesionadas e coordinadas entre os diferentes sistemas de protección social: servizos sociais, garantía de rendas, vivenda, emprego, sanidade e educación. **Para acadar unha inclusión plena e subxectiva, cada sistema debe garantir o seu dereito por Lei.**

V- Este obxectivo tamén pasa pola **dotación suficiente de persoal cualificado** no propio Sistema de Servizos Sociais e no resto de sistemas de protección social, con ratios adecuados para dar cumprimento as necesidades da poboación, e tendo en conta os diversas contornas rural, urbano, semiurbano. O Traballo Social como profesión transversal dentro de equipos interdisciplinares enténdese como unha estratexia de loita contra a exclusión social.

VI - Desde o COTSG instamos á **creación dunha Mesa de Coordinación** de profesionais expertas para elaborar unha estratexia de Inclusión para a Comunidade Autónoma.

En virtude do exposto, o COTSG considera necesario apostar por un financiamento estable e seguro, regulado por Lei, para garantir a sostibilidade, estabilidade, calidade, eficacia e eficiencia do Sistema Público de Servizos Sociais. Neste senso, SOLICITAMOS que dende as Consellerías competentes da Xunta de Galicia, se procedan a ter en conta todas as dificultades observadas e as consideracións realizadas por este Colexio Profesional para promover a

adopción das medidas pertinentes para comezar a deseñar as políticas de inclusión do presente e do futuro a partir desta oportunidade de cambio.

Presidenta

En Santiago de Compostela, a 25 de xaneiro de 2021

Miriam Rodriguez Sierra

Presidenta do Colexio Oficial de traballo Social de Galicia

1.961 500 100 - P. 01
www.traballosocial.gal
info@traballosocial.gal